


PROXECTO DE INVESTIGACIÓN
NIVELES 4º,5º E 6º DE INFANTIL

EEI SAN ROQUE
VIVEIRO- LUGO

EMOCIONÁMONOS



Curso 2021 / 2022



1.Introdución

O centro EEI San Roque está situado na costa de Lugo, na desembocadura do río Landro formando a chamada ría de Viveiro. É un centro con alumnado só de educación infantil, de seis unidades creadas das que no presente curso funcionan cinco.

O noso centro está integrado no Plan de mellora de bibliotecas escolares conseguindo fai tres cursos o selo de Biblioteca Escolar Solidaria e participando por segundo ano consecutivo no Programa Biblioteca Creativa. Este curso tamén participamos no Programa Lectura e Familias e puxemos en funcionamento un Club de Lectura pioneiro para esta etapa infantil. A biblioteca está xestionada polo equipo da biblioteca do que formamos parte titoras de distintos niveles que impulsamos a participación en proxectos de innovación educativa ,relacións con entidades, asociacións, organismos e todo tipo de colaboracións que axuden a mellorar a práctica educativa e conseguir maior calidade educativa. Tamén formamos parte, como centro fundador , da Microrrede da Mariña que permite unha estreita colaboración entre centros PLAME da Mariña lucense desde o ano 2012.

- **Xustificación**

O alumnado da nosa escola leva traballando dende hai varios cursos sobre a importancia da xestión emocional, un proxecto enmarcado dentro dos contratos programa, CPInlúe,,: EMOCIÓN-T, co obxectivo de estimular a adquisición e

perfeccionamento das habilidades emocionais entre os nenos e nenas e favorecer o seu desenvolvemento integral.

O iniciar este curso, e dadas as circunstancias e consecuencias derivadas da pandemia decidimos realizar este proxecto como continuidade de anos anteriores pero cunha maior motivación xa que as nenas e nenos levaban tempo sen saír, sen vida social nas rúas ó que afectou o seu desenrolo afectivo e emocional. Asemade tiñamos por diante o inicio dun ano con formación dende o PFPP que leva por título, “Educando para un futuro respetuoso”, e no que a liña de traballo vai neste ámbito, polo que supoñía múltiples posibilidades e un novo reto.

Da unión deste traballo coa nosa colaboración coa asociación Tá en Artes, que impulsa o traballo artístico nos centros educativos da Mariña, xurdiu o proxecto EMOCIONÁMONOS, que tiña como actividade final unha proposta artística que representaría ao noso centro nunha exposición no museo Cenima,, situado na veciña localidade de Foz, xunto con outros moitos centros da comarca en torno a proposta de traballar arte e reciclaxe.

- **Planificación**

Programamos este proxecto a incluír na PXA tendo en conta os aspectos planificados no contrato programa Emoción-T así como o calendario de TÁ EN ARTES.

- **CONTIDOS CURRICULARES**

- Área de identidade e autonomía persoal :

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas dos distintos materiais específicos e inespecíficos.

-A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á expresión plástica.

-Respecto polas producións alleas.

-Recoñecemento da intención expresiva de producións plásticas , pictóricas e musicais.

- Área de medio físico e social:

-Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións .

- Área de Comunicación e Representación:

-Participación en situacións de comunicación interpersonal co emprego das tic.

-Iniciación no uso da escrita de xeito significativo en situacións contextualizadas e reais.

- Uso das bibliotecas de centro e de aula como fonte de información , investigacións e medio para ampliar o coñecemento.

-Creacións e recreacións plásticas e audiovisuais.

- Uso de ferramentas tecnolóxicas editor de vídeos, apps, aula virtual.

- Participación activa nas propostas, tarefas e actividades.

- Identificación do Patrimonio cultural e persoas relevantes da cultura galega.

1.2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Elaborar creacións plásticas explorando e empregando diferentes materiais, técnicas e participando activamente no traballo en grupo.
- Expresar emocións e pensamentos a través da expresión plástica gozando do proceso creativo.
- Expresar gustos, preferencias sobre diferentes manifestacións artísticas, explicando as emocións que lle producen.
- Valorar a biblioteca como fonte de recursos de investigación e receptora de producións feitas nas aulas.
- Expresarse e comunicarse en diversos linguaxes, de forma creativa, utilizando ferramentas e aplicacións dixitais intuitivas.
- Interpretar co corpo mensaxes expresadas en linguaxe musical e plástica.
- Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.

1.2.3. COMPETENCIAS CLAVE

-Competencia en Comunicación lingüística (CCL) : A oralidade terá un papel destacado nesta etapa, e a través dela faremos un achegamento a cultura literaria sobre todo a partir de contos, adiviñas e tradición oral co fin de enriquecer o seu vocabulario emocional.

-Competencia matemática(CM) Observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, manipular con diferentes materiais de refugallo e naturezas vivas. Cálculo da secuencia seguida na programación de movemento cos escornabots

-Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (CCIMF): Elaboración de elementos con materiais de refugallo para a mellora do medio ambiente .

- Competencia cultural e artística (CCA). Expresión musical de cancións e músicas relacionadas co proxecto. Actividades plásticas para recrear as diferentes emocións...

-Tratamento da información e Competencia dixital (TICD): selección de información e imaxes para elaborar documentos. Introducción á robótica, empregando os escornabots como elemento motivador na asociación e avaliación de coñecementos adquiridos relacionados coas emocións e desenvolvemento da creatividade en contextos cooperativos. Gravación de produción audiovisual (vídeos , audicións,..) para a súa difusión nos blogs de aula.

-Competencia para Aprender a aprender (CAA): as actividades irán encamiñadas o control e coñecemento das súas emocións e sentimentos, así como no recoñecemento das emocións e sentimentos dos demais, traballando así a empatía, co fin de mellorar a súa autonomía na resolución de conflitos da vida diaria.

- Autonomía e iniciativa persoal (AIP). Desenvolvemento de hábitos de responsabilidade, colaboración, participación e esforzo en todo o proxecto.

Adquisición de hábitos de responsabilidade no coidado dos elementos naturais e culturais que nos rodean.

- Competencias social e cidadá (CSC): Distribución de tarefas dentro do grupo burbulla para desenvolver as propostas. Respecto ao traballo e aportación dos integrantes de cada grupo colaborativo e aulas. Colaboración estreita coas familias axudándolles na xestión e competencia socioemocional .

1.2.4 CALENDARIO

O proxecto desenvolveuse ao longo de todo o curso realizando distintas tarefas cada trimestre.

1.2.5. PROFESORADO PARTICIPANTE

Participaron ademais das mestras titoras o profesorado de apoio e o mestre especialista en inglés.

• **Obxecto e temática da investigación**

Con este proxecto quixemos afondar un pouco máis na competencia socioemocional do noso alumnado, co fin de axudar a toda a comunidade educativa nun momento tan complicado como o que estamos a vivir, dado que moitas veces as familias demandan ferramentas por non saben dar resposta a seus fillos e fillas, o que continuamente manifestan nas titorías. E que mellor maneira para traballar neste senso que a través da arte, algo tan motivador sobre todo nesta etapa. A nosa pretensión é despertar a curiosidade do noso alumnado pola arte contemporánea introducindoos a través deste proxecto artístico, non sen antes contaminalos moito visualmente e introducilos en traballos con diversos materiais, sempre de forma práctica, co fin de que vivan

na propia pel a importancia do proceso de creación e de manipulación dos mesmos.

Resulta interesante que os rapaces/as coñezan a obra de Velázquez ou Picasso, mais é fundamental que saiban o que se está a facer hoxe en día (ou nos últimos 60 anos). Cos artistas contemporáneos teñen máis posibilidades de conectar, por intereses comúns, porque tratan temas de actualidade, conectan co seu intelecto e coa súa parte máis creativa, empregan materiais das súas vidas cotiás, etc. Falando de materiais, os de refugallo, ou materiais pobres, e a natureza morta supuxeron o noso ámbito de estudo (manipulación e documentación) , polo tanto, este proxecto artístico moverase no ámbito do land art, o póvera, fluxus, ready-mades... e polo tanto na arte conceptual, onde non importa tanto a creación/resultado final, coma a idea que se quere transmitir, os sentimentos e emocións que lles produce, esencia mesma da ensinanza a través de proxectos artísticos.

O obxecto pois foi empregar a arte como activadora do pensamento crítico e creativo formando o noso alumnado na competencia socioemocional.

- **Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta**

A totalidade do alumnado da EEI San Roque participou na realización de cinco cadros cos que se culmina o traballo de todo o curso arredor das emocións. EMOCIONA-T .É un proxecto no que vimos traballando nos últimos cursos como xeito de axudarlles a expresar con palabras o que senten para entender mellor o mundo, pero tamén é unha maneira de aprender xestión emocional para desenvolverse mellor na vida e gozar dun boa saúde mental. Elas e eles elixiron

as emocións que querían plasmar nos cadros, despois dun arduo traballo durante o primeiro e segundo trimestre de identificar como sentían, poñer nome a esas emocións, recoñecelas en si mesmos e nos demais. Durante o terceiro trimestre o traballo centrouse en investigacións en torno a representacións artísticas das emocións, en elixir unha emoción para representar, pero tamén en decidir que elementos e materiais de refugallo empregar, cores, disposición do traballo,...e a realización da obra artística a través de obradoiros dentro da nosa biblioteca creativa..

O alumnado de 5º e 6º do CEP Lois Tobío , centro ao que estamos adscritos, tamén estiveron experimentando coas emocións e a música compartindo con nós o traballo realizado co mestre de música, polo que decidimos empregarlo como parte deste proxecto. Nós mantivemos conversas vía streaming entre o alumnado de ambos centros e falamos das emocións que sentimos, de como nos emocionamos e así unha vez determinadas as emocións elixidas en cada aula polo noso alumnado eles comezaron por experimentar con algún dos instrumentos da aula buscando un pequeno ostinato melódico que xerara esa emoción da que falabamos. O alumnado voluntario ía improvisando propostas e, pouco a pouco, foron saíndo pequenos grupos de notas que xeraban a emoción buscada. O resto votaba pola proposta que mellor lle parecía, facendo suxestións que íamos incorporando sobre a marcha.

Unha vez que obtido o ostinato principal, comezamos a engadir instrumentos que, segundo a opinión do grupo, mellor poderían xerar esas emocións. Apareceron propostas de todo tipo: engadido de ruídos, nenas e nenos que quixeron traer os seus instrumentos da casa...

De xeito acumulativo foron incorporando todo iso ao conxunto de notas primitivo ata chegar á obra final que compartiron con nós e a partir da cal expresamos corporal e artisticamente o que nos facía sentir en magníficas obras plásticas para expoñer no museo CENIMA da localidade veciña Concello de Foz.

- **Relación de tarefas máis importantes realizadas polo alumnado**

Partimos dun traballo de investigación a través da biblioteca na procura de información e recursos .

As actividades foron encamiñadas a:

- 1.Descontextualizar e repensar obxectos da vida cotiá e de refugallo..
- 2.Accións , improvisacións con diferentes obxectos.
- 3.Ensamblaxes de obxectos xogando coas formas e coa deconstrución.
- 4.Xogar con luces e sombras dos obxectos e do corpo.Fotografar.
- 5.Silueta corporal.
- 6.Traballar as mezclas de cores por superposición.
- 7.Crear poemas obxecto.
- 8.Saír fóra da aula buscar materiais para traballar ou crear na propia natureza.
- 9.Montar unha instalación con distintos obxectos.
- 10.Collage bidimensional e pintura
- 11.Pintura de obxectos.
- 12.Construcción, montaxe de utensilios con materiais de refugallo para pintar.
13. A pegada dos obxectos.

Todas estas actividades nos encamiñarán a reflexionar na última e non menos importante.

14. Quen son? Como son? Que sinto? Como sinto?

As actividades en relación a linguaxe emocional realizadas teñen como finalidade estimular a adquisición e perfeccionamento das habilidades emocionais entre os nenos e nenas e favorecer o seu desenvolvemento integral a través do arte e das súas producións plásticas. Agrupámolas en diferentes bloques:

Conciencia emocional: para tomar conciencia das propias emocións e as dos demais.

Autoestima: para desenvolver unha imaxe axustada e positiva dun mesmo, valorando axeitadamente as propias capacidades.

Regulación emocional: para desenvolver a capacidade de autocontrol e adquirir estratexias para a regulación emocional.

Empatía: para identificar as emocións doutras persoas en diversas situacións e desenvolver a capacidade de comprender aos demais.

Habilidades socioemocionais: para desenvolver habilidades de interacción social positivas, interiorizar a importancia da cooperación e fomentar relacións respectuosas.

Resolución de conflitos: para aprender estratexias de resolución de conflitos de forma pacífica e construtiva, mellorando a capacidade de comunicación.

Froito da unión entre emocións e expresión plástica nacen 5 fermosos cadros, porque un proxecto artístico nunca debe ser a copia ou imitación da obra dun artista, senón o froito de indagar, reflexionar e experimentar.

O resultado final ,unha mestura de emoción e sentimentos ,en 5 obras de arte creadas a partir de materiais de refugallo coas que queremos transmitir as emocións do noso alumnado a toda persoa que mire as obras.

https://www.canva.com/design/DAE4mmPtNtE/s37A1MguUpf8zQkheo06Kw/view?utm_content=DAE4mmPtNtE&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=publishsharelink

- **Documentación elaborada para profesorado e alumnado**

Elaborouse todo o material didáctico necesario para o traballo individual na aula e para o traballo en pequenos grupos colaborativos, servindo estas tarefas para un análise de cara a avaliación continua do proxecto. Realizouse a través da participación de todo o claustro nun PFPP sobre a temática do proxecto e algún dos titores tamén nun Seminario de arte:Reciclarse: Construír identidades con material de refugallo.

https://docs.google.com/presentation/d/1bobfjZGULSnJagNeX_ILJ3CvAf13oROu_WU95r1kd-0/edit?usp=sharing

- **Recursos empregados e fontes consultadas**

O proxecto iniciase na biblioteca coa procura de información e recursos e remata na mesma co aporte de nova documentación para vindeiros cursos e cos obradoiros da biblioteca creativa..

Empregaronse fundamentalmente recursos tecnolóxicos variados: tablets , edis na procura de información, tamén se empregaron os escornabots, para os que se elaboraron distintos taboleiros , hasta producir e gravar os audiovisuais que serviron para consolidar aprendizaxes e de avaliación final de contidos.

As fontes consultadas xiran en torno o PFPP e o Seminario de arte que todo o claustro fixo o longo do curso.

PFPP

Memoria:

<https://docs.google.com/presentation/d/1Y9uiuwH8ZhAtyGujMk6zzL-G8qJG0dr8idjOIWxMovU/edit?usp=sharing>

Materiais:

https://docs.google.com/presentation/d/1bobfjZGULSnJagNeX_ILJ3CvAf13oROu_WU95r1kd-0/edit?usp=sharing

SEMINARIO Creando identidades importido por Adriana Pardo, artista da Mariña.

https://drive.google.com/file/d/1EuK7yF_kQD5gKCYyzQkuL9PGdC1k_7Uj/view?usp=sharing

- **Implicación da comunidade educativa**

A comunidade educativa colaborou activamente nas propostas a través dos blogues de aula e dos xogos e actividades que complementaban na casa sobre o traballado nas aulas.

Visitaron as obras no museo Cenima en Foz, así como no Concello, expostas durante o obradoiro con Nuria Revuelto Crespo sobre competencia socioemocional para as familias dentro da nosa escola de nais e pais.

Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

O proxecto foi difundido principalmente a través dos blogues de cada aula, do blogue da biblioteca ,o calendario anual ,trípticos que se enviaron as familias e préstamos que se realizaron dende a biblioteca da revista elaborada en colaboración coa asociación TÁ EN ARTES a todas as familias.



9. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación.

Partimos dunha primeira avaliación inicial feita na conversa dos primeiros días no momentos de asemblea, para analizar que sabían sobre arte e emocións.

A avaliación da implicación do profesorado foi positiva xa que todos contribuíron na procura de recursos para compartir, establecendo un reparto de tarefas.

Avaliamos o desenvolvemento do proxecto como moi positivo tendo en conta os criterios de avaliación deseñados. As nenas e nenos foron quen de coñecer máis en profundidade as súas emocións e sentimentos, así como as dos demais, o que axudou a avanzar na empatía e nas relacións cos iguais, co profesorado e coas familias, nun curso marcado, un ano máis, pola pandemia con todas as dificultades que supuxo. Traballáronse as competencias básicas durante todo o

proceso alcanzando un grao de interese e motivación moi alto . A colaboración co equipo da biblioteca axudou na consecución dos obxectivos.

En relación aos criterios de avaliación recollidos ao principio deste documento, empregáronse como instrumentos de avaliación a observación directa na realización das tarefas, nos momentos de xogo libre nos recunchos creados para este proxecto como nas actividades dirixidas, tamén nas conversas dirixidas, as conversas espontáneas e diálogos nos que participaron entre as aulas, empregando a aplicación Falemos por mor das circunstancias que levou ao confinamento a comezos do segundo trimestre retrasando un pouco as actividades previstas. Ao longo do proxecto a avaliación foi continua e formativa o que permitiu un proceso de retroalimentación para repasar contidos ou afianzalos en momentos puntuais.

- **Función e participación da biblioteca escolar**

A biblioteca escolar foi o eixe fundamental para a posta en marcha do proxecto coa implicación en actividades, proposta e obradoiros da biblioteca creativa e o emprego dos escornabots pero tamén foi receptora dos produtos finais elaborados como colofón do mesmo, así como dun libro catálogo da exposición realizada no museo CENIMA.

Viveiro a 9 de xullo de 2021

As titoras:

Jacinta Fernández Pérez

Cándida Méndez Salgado

Vº e praxe, a directora

Asdo: Carmen Ferreiro Maseda